

Declaración institucional do Parlamento de Galicia sobre o Día dos Medios en Galego

O Parlamento de Galicia súmase á celebración do Día dos Medios en Galego, o 7 de febreiro, que lembra a saída á rúa do primeiro número d' *O Tío Marcos d' a Portela*, o 7 de febreiro de 1876. A histórica publicación ourensá foi a primeira escrita integramente en idioma galego. Subtitulada *Parrafeos co pobo galego* e impulsada por Valentín Lamas Carvajal, conseguiu un notable éxito, chegando a vender 4.000 exemplares nunha comunidade que daquela contaba con altos niveis de analfabetismo.

O escritor e editor da cidade das Burgas recolleu na publicación a bandeira ergueita por Rosalía de Castro en *Cantares gallegos*, sumouse á defensa e reivindicación da cultura popular e expresou os sentimentos cotiáns da sociedade galega, especialmente da xente máis humilde. Con moito humor, sentido crítico e ironía, Valentín Lamas soubo conectar á perfección coas principais preocupacións do mundo rural. Nas páxinas d' *O Tío Marcos d' a Portela* protestábase contra temas candentes do momento como a sangría da emigración, a elevada carga impositiva —os denominados trabucos— o atraso da agricultura, os foros, o caciquismo, a corrupción, as malas comunicacións e a febleza da industrialización.

Ao *Tío Marcos* sucedéronlle nos anos inmediatos outras oito publicacións escritas tamén en galego: ***A Fuliada, O Galiciano, A gaita gallega, Galicia, A Tía Catuxa, As Burgas, O Labrego e A Monteira***. Todo este movemento xornalístico difundiu o Rexurdimento —que no terreo literario encabezaron Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal— no ámbito máis inmediato e popular.

Desde os poderes públicos debemos contribuír ao recoñecemento institucional daquelas iniciativas pioneiras que procuraban a toma de conciencia dos problemas do país e reflexionaban na busca de solucións.



Desde o coñecemento e a reivindicación desta longa tradición do xornalismo na nosa lingua, consideramos que o 7 de febreiro, Día dos Medios en Galego, é unha boa ocasión para visibilizarmos os medios de comunicación que utilizan a lingua galega e poñen o foco na realidade do país. Apoiándoos estaremos avanzando no camiño de compromiso coa nosa realidade e orgullo polo propio iniciado no Rexurdimento. Por todo isto, pedímoslle ao conxunto da sociedade civil que se sume a esta conmemoración.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018